

MARÍN

A N U N C I O

Aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data 11 de maio de 2012 o REGULAMENTO DOS MERCADOS MUNICIPAIS DE ABASTOS, exponse ó público o texto íntegro da devandita regulamentación ó abeiro do artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local

REGULAMENTO DOS MERCADOS MUNICIPAIS DE ABASTOS

Despois das obras de reforma do patio sur da Praza de Abastos de Marín, faise preciso adoptar o Regulamento dos Mercados Municipais a nova realidade xurdida. Propón o seguinte regulamento

CAPÍTULO I. – ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1º.—O mercado ou praza de abastos é o centro municipal de abastecemento diario que o Concello pon ó servizo público para subvenir a demanda diaria de alimentos da poboación, en base á concorrencia e multiplicidade de postos.

Artigo 2º.—O falar do mercado faise referencia ós de Marín e Seixo, sendo as normas deste regulamento aplicables a ámbolos dous salvando as propias peculiaridades.

Artigo 3º.—O titular do mercado é o Concello de Marín, que para cumprir coa finalidade do mesmo exercerá a actividade mediante concesións ós particulares por tempo determinado do uso dos distintos locais e postos.

En todo caso o Concello realizará a necesaria intervención para o seu correcto funcionamento e para asegurar ós cidadáns o abastecemento, dotando de persoal e medios axeitados ós mercados; e reservándose cantas actuacións impliquen exercicio de autoridade e sexan da súa competencia.

Artigo 4º.—Como ben de servizo público, e conforme ós artigos 4 e 5 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, os postos en que se dividen os mercados teñan a condición de inalienables, inembargables e imprescritibles.

Artigo 5º.—1.—A praza de abastos de Marín consta dun corpo principal e dous anexos, divididos en locais ou postos de venda debidamente numerados, delimitados e sinalados conforme os planos que aprobe a Corporación.

Os postos de venda no corpo principal destinarase as actividades previstas no presente regulamento e que serán: de peixe fresco e artigos de salazón nas bancadas centrais; e, de carnicería, chanicería, conxelados, pan e derivados de fariña, leite e os seus derivados, froita, verduras e demais produtos alimenticios nos postos situados nos laterais.

Resérvase o anexo sur para a venda de froitas, verduras, hortalizas, pan, derivados de fariñas, leite e os seus derivados e frores; así como a actividades relacionados coa hostalería. Os que sexan concesionarios de postos fixos situaranse adosados os muros exteriores, e no centro, os vendedores de sobrantes de colleita propia. No anexo norte os locais estarán adicados a actividade comercial de diversa índole.

2.—Os postos de Mercado de Seixo distribuiranse do seguinte xeito: as bancadas centrais adicaranse a venda de peixe fresco; e os postos laterais á carnicería, chanicería, conxelados, pan e derivados de fariña, leite e os seus derivados, froita, verduras e demais produtos alimenticios.

CAPÍTULO II. – ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

Artigo 6º.—Os postos de venda serán obxecto de concesión por un prazo máximo de 30 anos, mediante subasta que se celebrará conforme ó establecido no regulamento de contratación das corporacións Locais no non disposto no presente texto.

Que o prazo máximo de 30 anos de duración das concesións comence a contar dende a entrada en vigor do citado regulamento.

O procedemento para a adxudicación e outorgamento da concesión dos postos será o de subasta, regulándose con carácter xeral pola normativa de contratación das Administracións Públicas.

Os concesionarios adicarán os postos de venda ó exclusivo fin para o que se fixo a concesión, non podendo cambialo sen autorización municipal.

Artigo 7º.—Os titulares, sexan persoas naturais o xurídicas están obrigados á alta no Imposto de Actividades Económicas e na Seguridade Social.

O negocio poderá estar atendido directamente polo titular ou en réxime familiar por medio de cónxuxe, descendentes ou ascendentes que deberán estar provistos inescusablemente do carné de manipulador.

No caso de ter empregado a persoal alleo o titular deberá solicita-la autorización do Concello para o que deberá presentar xustificante da filiación de dita persoa a Seguridade Social como empregado do solicitante, e carné de manipulador do mesmo

Artigo 8º.—As concesións de postos do mercado serán transferibles a terceiros con autorización do concello coas seguintes condicións:

- a) Que o cedente posuirá máis de 3 anos o posto ou local, agás no suposto de imposibilidade física para atendelo acreditado polo médico.
- b) Que o cesionario reúna as mesmas condicións esixidas ó cedente, que constitúa a fianza de 12 mensualidades e satisfaga os dereitos de cesión.

Os dereitos a percibir polo Concello serán o 50% do importe do prezo sen que dita cantidade poida ser inferior ó importe de doce mensualidades da taxa asinada ao posto. No suposto de transmisión intervivos por imposibilidade física ou xubilación do titular a favor dun familiar en primeiro grao, ou transmisión mortis causa os dereitos fíxanse en dúas mensualidades.

O Concello se reserva o dereito de tanteo se tivera motivos fundados de que o prezo declarado é inferior o corrente en venda, procedendo logo a súa adxudicación en subasta.

No suposto de transmisión por herencia, no prazo dun mes deberase comunicar o nome do tomador da concesión ó Concello achegando, ademais da documentación sinalada no artigo anterior, o documento que acredite o seu dereito ou a renuncia dos restantes no caso de ser varios or herdeiros.

Artigo 9º.—No suposto de traslado ou reforma dos actuais mercados os titulares de postos non terán dereito a indemnización algunha, pero reconecerase o seu dereito a ocupar outro posto sen pago do canon pola adxudicación, se ben terán que satisfacer as taxas que se establezan pola utilización dos novos postos.

SECCIÓN 2ª.—CONDICIÓN DE FUNCIONAMENTO

Artigo 10º.—O mercado permanecerá aberto o público durante os días e horas que sinale a Corporación, que serán de obrigado cumprimento para todos os concesionarios, o peche inxustificado dun posto dous meses declararase vacante.

Artigo 11º.—Nos postos de venda deberán adoptarse as máximas precaucións en cuanto a hixiene e limpeza, tanto no instrumental e mostrador como no tocante os materiais para envolver as carnes e pescados, prohibíndose o uso de papel impreso e plástico non axeitado. Todos os postos terán un recipiente adicado a recoller os desperdicios.

Os vendedores non permitirán que o público manosee a mercadoría, no caso das carnes e de todos os demais produtos que determine a lexislación vixente, estes deberán estar protexidos por un cristal que evite o contacto directo do público. Todos os produtos que se comercialicen deben ter de modo visible os prezos da venda dos mesmos que o público en carteis poida ver sen ter que manipulos.

Artigo 12º.—Ningún titular terá dereito á ocupación de máis de dous postos no mercado de Abastos. Quedando totalmente prohibida a unión de máis de dous postos. O Concello pode reservarse un ou varios

postos dos produtos que este conveniente a fin de destinalos a os fins de interese xeral que estime oportunos.

Os titulares dos postos teñen prohibido: Ocupar con calesquera obxecto os pasillos ou estancia do mercado, salvo aquelas zonas destinadas ó efecto. Excepcionalmente e tras petición xustificada do titular do posto pola Alcaldía poderase autorizar a instalación de expositores nos accesos e pasillos, sempre que non perxudiquen o acceso ó público. A petición terá que expresar os elementos a instalar e a súa ubicación, estando suxeto ó pago da ocupación de dominio público conforme á ordenanza fiscal.

Artigo 13º.—O entretenemento e coidado, así como a limpeza dos postos estará a cargo dos concesionarios; a limpeza xeral da praza será cargo do Concello.

Artigo 14º.—As cámaras frigoríficas do mercado serán utilizadas para a conservación das mercadorías e subdivirase en departamentos para verduras e pescados; o acceso ás mesmas se fará media hora antes e despois da sinalada para a apertura e peche da praza, quedando prohibido o acceso fora deste horario salvo causa xustificada.

O Concello non é responsable das perdas, deterioros ou danos nas mercadorías, resultantes de forza maior ou por calquera suceso ou avaría non imputable ó persoal municipal.

CAPÍTULO III.—ADMINISTRACIÓN DO MERCADO

Artigo 15º.—Para o exercicio das súas funcións o Concello dotará de persoal e medios axeitados ao mercado.

O conserxe terá ó seu cargo a diaria vixilancia, organización, apertura e peche da praza; redactará un parte semanal que pasará a coñecemento do Concelleiro Delegado.

Artigo 16º.—A inspección sanitaria do mercado, a cargo do veterinario, comprenderá:

- a) A inspección e vixilancia das condicións hixiénico-sanitarias dos postos de venda, informando do estado dos mesmos periodicamente.
- b) A inspección e vixilancia dos produtos e o decomiso dos que non cumpran as debidas condicións sanitarias.
- c) Atender as demandas que formulen os consumidores sobre o estado, calidade e orixe dos produtos.

CAPÍTULO IV.—INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

Artigo 17º.—Os titulares das concesións serán responsables das infraccións de todo xénero cometidas por eles directamente ou por calquera das persoas dependentes dos mesmos con ocasión da actividade no posto ou local.

Artigo 18º.—As infraccións, atendendo a súa importancia e gravidade, clasifícanse en:

- a) Leves, son os incumprimentos dos deberes sinalados no presente regulamento por mera negligencia.
- b) Graves, terán esta calificación a reiteración de faltas leves, así como o incumprimento doloso dalgunha prohibición.
- c) Moi graves, son as accións feitas infrinxindo a normativa contida neste regulamento con ánimo de lucro ou en prexuízo do mercado, en especial: a falla de pago do canon sinalado ó posto, a realización de obras, o peche ou traspaso do posto sen autorización municipal, a venda de artigos non autorizados e o fraude no peso ou calidade das mercadorías.

Artigo 19º.—As sancións a impoñer graduándose segundo a calificación da infracción en:

- a) As infraccións leves serán apercibidas coa obriga do infractor a normalizar a súa situación.
- b) Imposición de multa pola alcaldía para as infraccións graves en cuantía de ata 300€.
- c) A perda da concesión coa obriga de deixar libre o posto no caso de infraccións moi graves.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

1ª.—Previa a convocatoria da subasta para a adxudicación das vacantes e sempre que o aconsella o mellor funcionamento do mercado, o Concello poderá refacer a distribución dos postos sen que naza dereito a indemnización, así mesmo poderá convocar unha subasta restrinxida entre os xa titulares en función da mesma.

2ª.—Dado que como sinala o artigo 3º ós mercados municipais son titularidade municipal, as concesións dos postos e locais non están suxeitas ó pago da taxa pola apertura de establecementos

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Os prazos sinalados no presente regulamento comezan a partir da entrada en vigor do mesmo para os actuais concesionarios.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente regulamento entrará en vigor percorridos 15 días dende a súa publicación, segundo determina o artigo 70.2 da Lei 7/85 reguladora do Réxime Local.

Marín, a 25 de abril de 2012.—A Concelleira delegada, Cristina Acuña González.

2012005149

* * *

PONTE CALDELAS**A N U N C I O**

Confeccionado o Padrón da Taxa de auga potable e alcantarillado por Aquagest S.A correspondente ó 1º trimestre do ano 2012, en base as facultades que me concede a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, pola presente RESOLVO.

1º—Aprobar o Padrón da taxa de auga potable e alcantarillado correspondente ó 1º trimestre do ano 2012, que ascende á cantidade de:

TAXA	T. Base imponible
I. Auga	12.647,79 €
I. Alcantarillado	11.937,50 €
I. Canon Saneamiento	6.508,26 €
IIVA 8% s/auga	1.010,66 €
TOTAL	32.104,21 €

2º—Expoñer ó publico o referido Padrón durante un prazo de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ó da publicación no BOP para que poida ser examinado polos/as contribuíntes ou interesados nas oficinas do Concello e nas de Aquagest en días hábiles durante as horas de oficina e poidan facelas reclamacións que consideren oportunas, elevándose a definitivo con resolución das mesmas si as houbese.

3º—Asimesmo faise saber que, sen perxuizo das reclamacións que se poidan presentar contra o citado Padrón, o prazo de ingreso en periodo voluntario das citadas taxas, será a partires do día 5 de Xuño ó día 6 de Agosto 2012

4º—Contra a aprobación do Padrón só poderá interpoñerse recurso de reposición, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó do remate do período de exposición pública do referido Padrón (art. 14.2 do Real Decreto legislativo 2/2001 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Ley de Facendas Locais).

Ponte Caldelas, a 22 de maio de 2012.—O Alcalde, Perfecto Rodríguez Muíños.

2012005151

* * *